



Un apagamento duns minutos tornouse nun momento máximo ao firmar o eloxiado autor libros cunha lanterna que lle deu un lector. SIMÓN BALVÍS

BARBANTIA ENCHEU DE CULTURA O LICEO PUEBLENSE

Á luz da escrita de Riveiro Coello

Eloxios ao por maior para «Laura no deserto», a súa última novela

MARÍA HERMIDA
RIBEIRA / LA VOZ

Hai noites nas que a prosa semella poesía. Así ocorreu o venres no Liceo Pueblense, onde, ao abeiro de Barbantia, se celebrou un acto cheo de palabras fermosas; verbas pronunciadas a xeito para intentar trasladar a importancia da escrita de Antón Riveiro Coello, natural da Limia pero afincado en Boiro, e presentar a súa última novela, *Laura no deserto*, editada por Galaxia. Sen dúbida, foron moitos os que marcharon para a súa casa con ganas de mergullarse nesas 726 páxinas nas que, segundo se dixo, «nas primeiras oitenta o lector ten que remar, pero logo xa te leva o río».

Falou primeiro o presidente dunha sede do Liceo Pueblense que case se quedou pequena ante a afluencia de público. Jorge Abal deu a benvida aos presentes. Logo tomou o relevo Víctor Freixanes, director da editorial Galaxia. Tivo palabras para o navío cultural que é Barbantia. Dixo que os seus membros «cárganme as pilas, porque cren que se pode construír o futuro a través dos libros». Seguidamente referiuse a Antón Riveiro Coello co-



Víctor Freixanes (esquerda) dixo que quedou engaiolado tras ler nunha fin de semana a obra de Riveiro

mo un dos grandes narradores contemporáneos, asegurou que a súa escrita debe seguir traspasando fronteiras e animouno a continuar coa produción literaria «porque o fai moi ben». Co seu falar fermoso, permitiu aos presentes voar ata a súa casa, e imaxinar esa fin de semana na que empezou a ler *Laura no deserto* e non puido parar ata rematar a novela. Dixo que quedara «engaiolado». Foron moitos os eloxios que tivo para a obra, entre os que destacou o ben documentada que está.

Tras el, tocoulle a Xesús Laí-

ño, presidente de Barbantia, falar da novela, que en parte está ambientada na Pobra do Caramiñal. Dixo que unha das cousas que máis lle chamou a atención é que «non hai fío neste libro que non vaia ao seu sitio». E sinalou que consegue dicir cousas novas de acontecementos históricos tan coñecidos como a Guerra Civil, a Segunda Guerra Mundial ou o holocausto nazi.

Canto á liberdade

Ao final, os presentes puideron escoitar a Riveiro Coello. Foi como se o sentimento asomase de

súpeto. Contou o que lle supuxo facer e entregar esta obra, como quedou algo baleiro despois de máis de cinco anos dedicándolle o seu tempo, e como está nas nubes dende que os lectores empezaron a gozar dela.

Riveiro sinalou que son tres os grandes temas de *Laura no deserto*: a identidade, a liberdade e a culpabilidade. «Xa non son a mesma persoa tras escribir isto, non saín indemne». Por último, en consonancia coa noite, definiuna cunhas belas palabras: «Creo que a novela é un canto á liberdade e a esperanza».